



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 26 DE MARZO DE 2015.**

<p><b><u>Sres. Asistentes:</u></b></p> <p><b><u>Sr. Alcalde:</u></b> D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.</p> <p><b><u>Sres. Concelleiros:</u></b> D<sup>a</sup> MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. ALMA BEATRIZ BARRON FERRO. D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D<sup>a</sup> OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D. JUAN MANUEL SIXTO GALIANO D<sup>a</sup> JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D<sup>a</sup> MARTA SEIJAS DIAZ. D<sup>a</sup> MERCEDES GRANDE REGUEIRO. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ.</p> <p><b><u>SR. SECRETARIO.:</u></b> D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e dez minutos do día vinteseis de marzo de dous mil quince, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
---	---

Aberta a sesión pola Presidencia, e diante da presenza entre o público asistente á sesión dun Colectivo de Afectados pola Hepatite C, propón o Pleno do Concello un cambio na Orde do Día, pasando a debater o punto 10 MOCIONS , no que van incluídas dúas Mocións sobre a Hepatite C, en primeiro lugar.

Sometido a votación o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestar a súa aprobación o cambio proposto, pasando acto seguido a debater o punto núm. 10.

**A) MOCIÓN DO PSdeG-PSOE. “ACCESO DE NOVAS TERAPIAS PARA OS DOENTES DE HEPATITE C.**

Dase conta da Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do seguinte teor literal:



**MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE ARES PARA INSTAR AO GOBERNÓ DE ESPAÑA QUE "GARANTA O ACCESO AS NOVAS TERAPIAS PARA OS DOENTES DE HEPATITES C " E INICIAR UN PROCESO DE PREVENCIÓN.**

De acordó co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locáis, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ares desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A enfermidade hepática causada polo virus da hepatite C (VHC) constitúe un grave problema de saúde pública, calculándose en cifras do Ministerio de Sanidade, Igualdade e Asuntos Sociais, que unhas 700.000 persoas son portadoras deste virus no conxunto do Estado.

Ata hai pouco tempo os medios de tratamento disponibles, cunha gran toxicidade e graves efectos secundarios, tiñan como resultado altas taxas de fracaso terapéutico, dándose ademáis numerosos casos de doentes que non podían someterse a elas por intolerancia a algún dos fármacos empregados.

Como consecuencia, na actualidade en Galicia hai unha cantidade importante de persoas enfermas diagnosticadas, en diferentes fases de evolución da hepatite C, que non están sendo tratadas e que teñen como única alternativa a vixilancia da súa evolución á espera de chegar a un estado que determine a idoneidade dun transplante hepático.

Esta situación veuse radicalmente alterada coa aprobación recente de novos fármacos. Particularmente transcendente foi a aprobación do *Sofosbuvir*, un antiviral de acción directa sobre o VHC, pola Axencia Europea do Medicamento (EMA) a



principios do ano 2014. A comercialización deste medicamento no territorio español foi aprobada pola Dirección Xeral de Farmacia e Produtos Sanitarios o 5 de marzo de 2014.

O día 24 de setembro de 2014, a daquela ministra de Sanidade anunciou publicamente que o Ministerio acadara un acordó co fabricante do fármaco para incluílo na sanidade pública e que os médicos o puidesen prescribir a aqueles doentes que o precisasen, engadindo que a proposta se trasladaría inmediatamente á Comisión Interministerial de Prezos dos Medicamentos, e que "en outubro poderán dispoñer os médicos dése medicamento en toda España, para aplícalo aos doentes que o necesiten".

Desde aquela hai elaborado un protocolo de posicionamento terapéutico e un documento de priorización que están sendo aplicados, no caso de Galicia, pola Subcomisión para o Tratamento de Enfermidade Hepática, constituída na Consellería de Sanidade.

Pero a día de hoxe, sucédense as declaracións públicas de hepatólogos, a través da Asociación Española para o Estudo do Fígado, reclamando que os criterios para a dispensación do tratamento no sistema público sexan máis inclusivos e cifran a necesidade de tratamentos urxentes a aplicar no territorio do Estado nun mínimo de 30.000 para o ano en curso.

Por outra banda, a inqueda e as queixas dos doentes de hepatite C, particularmente dos post-transplantados non negativizados e dos que se atopan en fase cirrótica (F4), van en aumento ao comprobar como nuns casos a súa situación non é contemplada dentro dos criterios de elixibilidade que se aplican para o acceso ao fármaco, e noutros moitos a solicitude cursada polos seus hepatólogos, unha vez determinado que se cumpren os requisitos establecidos polo Ministerio e recollidos ñas instrucións do acceso aos tratamentos da Hepatite C cursadas pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, son rexeitados ou non contestados.

**Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ares presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:**



1. Instar ao Governó de España para que garanta o acceso ás novas terapias para os doentes de hepatite C que o precisan, de acordó co criterio dos especialistas que atenden cada caso, dispoñendo os recursos que sexan necesarios.
2. Instar ao Governó Galego a que adopte as medidas necesarias para que a terapia, eos novos fármacos para a hepatite C, se dispense nas farmacias hospitalarias a aqueles doentes aos que lies sexa prescrita polos médicos especialistas do Servizo Galego de Saúde, de xeito inmediato á súa presencien.”

**B) MOCION DO PSdeG-PSOE: ACCESO AOS TRATAMENTOS DE ÚLTIMA XENERACIÓN PARA AS PERSOAS DOENTES DE HEPATITE C.**

Dase conta da Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE do seguinte teor literal:

**“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE ARES SOBRE O ACCESO AOS TRATAMENTOS DE ÚLTIMA XERACIÓN PARA AS PERSOAS DOENTES DE HEPATITE C**

De acordó co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locáis, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ares desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A enfermidade hepática causada polo virus da hepatite C (VHC) constitúe un grave problema de saúde pública calculándose, en cifras do Ministerio de Sanidade, Igualdade e Asuntos Sociais, que unhas 700.000 persoas son portadoras deste virus no conxunto do Estado.

Até recentemente os medios de tratamento disponibles, producían altas taxas de fracaso terapéutico, ademáis de ter unha elevada toxicidade e efectos secundarios



graves, dándose ademáis numerosos casos de doentes que non podían someterse a elas por intolerancia a algún dos fármacos empregados.

Como consecuencia, na actualidade en Galicia hai unha cantidade importante de persoas enfermas diagnosticadas, en diferentes estadios de evolución da Hepatite C que non están sendo tratados, e que teñen como única alternativa a vixilancia da súa evolución á espera de chegar a un estado que determinase a idoneidade dun transplante hepático.

Esta situación veuse radicalmente alterada coa aprobación recente de novos fármacos. Particularmente transcendente foi a aprobación do *Sofosbuvir*, un antiviral de acción directa sobre o VHC, pola Axencia Europea do Medicamento (EMA) a principios do ano 2014. A comercialización deste medicamento no territorio español foi aprobada pola Dirección General de Farmacia y Productos Sanitarios o 5 de marzo de 2014.

O día 24 de setembro de 2014 a daquela Ministra de Sanidade anunciou publicamente que o Ministerio acadara un acordó co fabricante do fármaco para incluílo na sanidade pública e que os médicos o puidesen prescribir a aqueles doentes que o precisen, engadindo que a proposta se trasladaría inmediatamente á Comisión Interministerial de Precios de los Medicamentos, e que "en outubro podrán disponer los médicos de ese medicamento en toda España, para aplicarlo a los pacientes que lo necesiten".

Desde aquela hai elaborado un Protocolo de Posicionamento Terapéutico e un Documento de Priorización que están sendo aplicados no caso de Galicia pola subcomisión para o Tratamento de Enfermidade Hepática, constituída na Consellería de Sanidade.

A día de hoxe sucedense as declaracións públicas dos hepatólogos a través da Asociación Española para el Estudio del Hígado reclamando que os criterios para a dispensación do tratamento no sistema público sexan máis inclusivos e cifrando a necesidade de tratamentos urxentes a aplicar no territorio do estado nun mínimo de 30.000 para o ano en curso."



Por outra parte, a inquietude e as queixas dos doentes de hepatite C, particularmente dos post-transplantados non negativizados e dos que se atopan en fase cirrótica (F4) van en aumento ao comprobar como nuns casos a súa situación non é contemplada dentro dos criterios de elixibilidade que se aplican para o acceso ao fármaco, e noutros moitos a solicitude cursada polos seus hepatólogos, unha vez determinado que se cumpren os requisitos establecidos polo Ministerio e recollidos ñas Instrucións do acceso aos tratamentos da Hepatite C cursadas pola Dirección xeral de Asistencia Sanitaria, son rexeitados ou non contestados.

**Por estes motivos, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ares presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:**

1. Instar ao Goberno de España a garantir o acceso ás novas terapias para os doentes de Hepatite C que o precisan se produza de acordó co criterio dos especialistas que atenden cada caso, dispoñendo os recursos que sexan precisos para a atención dos casos definidos como de tratamento urxente pola Asociación Española para el Estudio del Hígado, cifrados por este nun mínimo de 30.000 para o ano en curso, na súa recente reunión co Ministerio de Sanidad, Igualdad y Asuntos Sociales.
2. Instar ao goberno da Xunta de Galicia a tomar as medidas necesarias para que a terapia eos novos fármacos para a Hepatite C se dispense ñas farmacias hospitalarias a aqueles doentes aos que lies sexa prescrita polos seus médicos especialistas do Servizo Galego de Saúde, de xeito inmediato á súa prescrición e sen máis requisito que esa prescrición facultativa.”

O Sr. Alcalde propón o Pleno do Concello que se faga como unha Declaración Institucional, dando seguidamente a palabra a dos representantes do Colectivo de Afectados polo virus da Hepatite C, os cales manifestan diante do Concello Pleno as suas inquedanzas, e reivindicacións.



Acto seguido e sometida a votación a Declaración Institucional e o Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación, en consencuencia aprobar a seguinte DECLARACION INSTITUCIONAL:

1. Instar ao Governó de España a garantir o acceso ás novas terapias para os doentes de Hepatite C que o precisan se produza de acordó co criterio dos especialistas que atenden cada caso, dispoñendo os recursos que sexan precisos para a atención dos casos definidos como de tratamento urxente pola Asociación Española para el Estudio del Hígado, cifrados por este nun mínimo de 30.000 para o ano en curso, na súa recente reunión co Ministerio de Sanidad, Igualdad y Asuntos Sociales.
2. Instar ao gobernó da Xunta de Galicia a tomar as medidas necesarias para que a terapia eos novos fármacos para a Hepatite C se dispense ñas farmacias hospitalarias a aqueles doentes aos que lies sexa prescrita polos seus médicos especialistas do Servizo Galego de Saúde, de xeito inmediato á súa prescripción e sen máis requisito que esa prescripción facultativa

**Punto 1º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 13-02-2015.**

O Concello Pleno por unanimidade acorda prestar a súa aprobación a acta da sesión ordinaria celebrada polo Concello Pleno o día 13-02-2015.

**Punto 2º.- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL 4º TRIMESTRE 2014 (LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MEDIDAS CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIONES COMERCIAIS).**

Dase conta do Informe Trimestral 4º Trimestre 2014 (Lei 15/2010 de 5 de xullo, de Medidas contra a morosidade nas operacións comerciais, que presenta o seguinte RESUME:

Número de Operacións dentro do período legal	180
Importe das Citadas Operacións. ....	383.400,02 Euros.



Número de Operacións Fora do Período legal de pago.	346.
Importe das Citadas Operacións. ....	645.001.04

O Concello Pleno dase por enterado.

**Punto 3º.- A) DAR CONTA DA SENTENZA DO XULGADO DE INSTRUCCIÓN NUM. 2 DE FERROL DE 11-02-2015.**

Polo Sr. Secretario dase conta da Sentenza do Xulgado de Instrucción núm. 2 de Ferrol de data 11 de febreiro de 2015, na que se dicta o seguinte **FALLO**:

“ Que **DEBO CONDENAR Y CONDENO** a OSCAR GARCIA LÓPEZ como autor criminalmente responsable de una de falta de desobediencia a agentes de la autoridad a la pena de multa de 10 días a razón de 4 euros diarios (esto, es un total de 40 euros) con aplicación de la responsabilidad personal subsidiaria ex artículo 53.1 del código Penal para el caso de impago.

Le condeno también al pago de las costas procesales.”

O Concello Pleno por unanimidade dase por enterado.

**B) DAR CONTA DA SENTENZA XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE FERROL DE 05-02-2015 (NÚM. 26/2015).**

Dase conta da Sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol de 05-02-2015 (Núm. 26/2015) na que se dicta o seguinte **FALLO**:

“Estimar el recurso contencioso-administrativo interpuesto por Dª LEONOR MARIA ROMERO ANSEDES, contra la desestimación por silencio administrativo de la reclamación presentada en fecha 19-09-2013 ante el CONCELLO DE ARES, por los daños sufridos en un vehículo estacionado en la vía pública contra el que colisionó un contenedor, reconociendo a favor de la recurrente una indemnización por un importe de 1223,47 euros, más los intereses legales calculados desde el día 19-09-2013, fecha en la que se presentó la reclamación de responsabilidad patrimonial; sin haber especial pronunciamiento sobre la imposición de costas.”

O Concello Pleno acorda darse por enterado.





**C) DAR CONTA DA SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE FERROL DE 27/02/2015) NÚM. 51/2015.**

Polo Sr. Secretario dase lectura a Sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol de data 27-02-2015 na que se dicta o seguinte FALLO:

“Estimar parcialmente el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la entidad **PROCAT INGENIERÍA Y MEDIO AMBIENTE**, contra la inactividad del CONCELLO DE ARES por impago de una factura presentada ante dicho Concello fecha 2-1-2014, por la realización del servicio de actualización de la tasa de recogida de basuras, reconociendo el derecho de la entidad recurrente al pago por dicho Concello de un importe de 2177,17 euros, más los correspondientes intereses calculados desde la fecha de presentación de la reclamación del pago de la factura, sin expreso pronunciamiento sobre la imposición de costas”

O Concello Pleno dase por enterado.

**PUNTO 4º.- A) DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE FERROL DE 19-02-2014 (184/2014).**

Polo Sr. Secretario dase lectura da Firmeza da Sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo núm. 1 de Ferrol de data 19-02-2014, na que se dicta o seguinte FALLO:

“Desestimar el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la entidad **PROVISERV ECOLOGICAL, S.L** contra la desestimación por silencio administrativo de la reclamación formulada en fecha 18-02-2014 ante el **CONCELLO DE ARES**, para el pago de once facturas por el suministro de productos químicos de limpieza, actuación administrativa que confirmamos por considerarla ajustada a Derecho; sin expreso pronunciamiento sobre la imposición de las costas”.

O Concello Pleno dase por enterado.

**B) DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE FERROL DE 17-11-2014. (149/2014).**

Polo Sr. Secretario dase lectura da firmeza da Sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol de data 17-11-2014, na que se dicta o seguinte **FALLO**:



“Estimar el recurso contencioso-administrativo interpuesto por el **CONCELLO DE ARES** contra las resoluciones del CONCELLO DE FERROL de fechas 12-11-2013 y 13-12-2013, desestimatorias de los recursos de reposición interpuestos contra sendas resoluciones de dicho Concello, por las que se liquida la prestación del servicio de extinción de incendios fuera de su termino municipal, resoluciones administrativas que anulamos por no ser conformes a Derecho; sin hacer especial pronunciamiento sobre la imposición de las costas”.

O Concello Pleno dase por enterado.

**C) DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE FERROL DE 23-01-2015.**

Polo Sr. Secretario dase conta da firmeza da Sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol de data 23-01-2015, na que se dict o seguinte FALLO:

“ Desestimar el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la entidad **VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U.** contra la desestimación por silencio administrativo de la solicitud presentada en fecha 20-06-2013 ante el CONCELLO DE ARES, para el pago de facturas por obras realizadas durante la ejecución del contrato de gestión del servicio de abastecimiento de agua y alcantarillado, actuación administrativa que confirmamos por considerarla ajustada a Derecho; sin expreso pronunciamiento sobre la imposición de las costas.”

O Concello Pleno dase por enterado.

**PUNTO 5º.- MODIFICACIÓN SE PROCEDE DA MESA DE CONTRATACIÓN.**

Dase conta da proposta da Alcaldía na que se propón a Modificación da Mesa de Contratación aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 17 de xullo de 2011, a cal de aprobarse a citada proposta quedaría coa seguinte composición.:

PRESIDENTE : Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue.

VOGAIS : Dna. Olimpia Marcos García en representación do P.SdeG-P.S.O.E.

Dn. Juan Manuel Sixto Galiano, en representación do P.P.

Dn. Emilio Mesías Farías, en representación do B.N.G.

Dn. Luis Cendán Fernández, en representación de Nueva Alianza.

Dn. Benito José Calvo Castro. Técnico Municipal.

Dn. Alfonso Portela Martínez. Técnico Municipal.

Dn. Manuel Larrosa Rodríguez, Secretario da Corporación con funcións de asesoramento xurídico.



SECRETARIO :

Dn. José Ángel Carballo Feijoo, funcionario administrativo do Concello.

Sometido o asunto a votación o Pleno do Concello por 7 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE e 1 de NAL). 4 votos en contra do (PP) e 2 abastencións do Grupo Municipal do BNG, acorda prestarlle a súa aprobación.

**PUNTO 6º.- APROBACIÓN SE PROCEDE FICHERO AEPD “SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA”.**

Dada conta da Resolución da Alcaldía Presidencia núm. 76/15 de Data 20 de Febreiro de 2015, que seguidamente se transcribe:

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 76/15 DE DATA 20 DE FEBREIRO DE 2015.**

De conformidade co previsto no artigo 20, da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como no artigo 53 do Regulamento de desenvolvemento da LOPD aprobado polo Real Decreto 1720/2007 do 21 de decembro, establecece que a creación modificación ou supresión dos ficheiros de datos de carácter persoal das administracións públicas só poderán facerse por medio de disposicións xeral publicada no Boletín Oficial do Estado ou diario oficial correspondente.

Para tales efectos, en cumprimento dos citados preceptos legais a Alcaldía, en uso das facultades que lle confiren os artigo 21 da Lei 11/1999 do 21 de abril, que modifica a Lei 7/85 do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local e 41 do Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro.

**VEÑO EN RESOLVER:**

**Primeiro.-** Aprobar a creación do ficheiro que está relacionado no Anexo I, sendo o responsable deste.

- Nome do órgano responsable: Concello de Ares.
- Denominación do Ente: Entidade Local.
- Dependencia: Concello de Ares.
- Administración á que pertence: Administración Local.
- CIF: P1500400E



- Domicilio: Avda. Saavedra Meneses, 12.
- Código Postal:15624
- Localidade: Ares.
- Provincia: A Coruña.
- País: España.
- Telefono: 981468102
- Fax: 981448299.

**Segundo.-** Publicar o anuncio de creación, modificación ou supresión dos citados ficheiros no Boletín Oficial correspondente.

**Terceiro.-** Solicitar da Axencia de Protección de Datos, unha vez efectuada a publicación á que se refire o apartado anterior, que proceda a inscrición dos ficheiros no Rexistro de Protección de Datos.

O que se fai publico aos efectos oportunos.”

Sometida a votación a ratificación da Resolución da Alcaldía, anteriormente transcrita, o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

**PUNTO 7º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FENE E O CONCELLO DE ARES PARA A SUBMINISTRACIÓN DE AUGA ÓS LUGARES DE MALATA-IXOBRE, CHAO DO MONTE, PALLIZO E SOLAINA.**

Visto o convenio de colaboración entre o Concello de Fene e o Concello de Ares para o subministro de auga os lugares da Malata, Ixobre, Chao do Monte, Pallizo, A Solaina, que seguidamente se transcribe:

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FENE E O CONCELLO DE ARES PARA O SUBMINISTRO DE AUGA OS LUGARES DA MALATA, IXOBRE, CHAO DO MONTE, PALLIZO, A SOLAINA**

Ares, xx de xxxxxx de 2015.

**REUNIDOS**

O sr. Alcalde do Concello de Fene, D. Gumersindo Pedro Galego Feal, en nome e representación do referido Concello.



O Sr. Alcalde do Concello de Ares, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, en nome e representación daquel

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, a teor do previsto no artigo 21.1 .b) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, de 2 de abril de 1985, e concordantes do Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, o Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e 61.1 a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia; recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

## **EXPONEN**

I. A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, establece, no seu artigo 25.1, que os municipios poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal. Xunto a esta declaración xeral de competencias a Lei enumera, no apartado 2 do citado artigo, determinadas materias respecto ás cales os Concellos deben ostentar competencias, e entre outras, a subministración de augas, cualificando, no artigo 26.1.a), o abastecemento domiciliario de auga potable como servizo de prestación obrigatoria por todos os Concellos.

Así mesmo, o artigo 86 da referida Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, declara a reserva a favor das entidades locais de determinadas actividades ou servizos esenciais, entre os que se atopa o abastecemento de augas. De conformidade co exposto, o servizo público de abastecemento de augas é un servizo público reservado legalmente á competencia das entidades locais.

II. A citada Lei de bases de réxime local, no seu artigo 57, establece textualmente: "a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as

Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolveranse con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou convenios administrativos que subscriban".

Así mesmo, as relacións de colaboración e cooperación económica, técnica e administrativa entre as entidades locais galegas regúlanse tamén na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, que establece no artigo 195, entre as formas de realizar esta colaboración, a subscripción de convenios.



III. Por outra banda é necesario que ás administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos vecinos, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

IV. Que o municipio de Fene dispon de rede xeral de abastecemento de auga potable en Limodre, rede que se atopa a unha distancia mínima da rede de tuberías instaladas polo Concello de Ares para dotar do sen/izo aos vecinos dos lugares da Malata, Ixobre, Chao do Monte, e Pallizo e A Solaina, servizo que non pode prestar se non constrúe un depósito regulador municipal con suficiente altura, respecto á rede de distribución, o que sería moi custoso tanto para o municipio como para os vecinos, do mesmo xeito que tamén sería moi custosa a opción do bombeo dende a zona das Pezoas.

V. Que un obxectivo fundamental e proritario para os dous concellos é prestar os servizos, non só os mínimos obrigatorios, a tódolos vecinos, de xeito que dispoñendo calquera deles das infraestruturas necesarias para a súa prestación non quede ningún vecino dos municipios sen o servizo por razón da distribución ou exercicio de competencias dentro do propio termo municipal, dando así cumprimento á razón da súa existencia, que é prestar cantos servizos públicos contribúan á satisfacción das necesidades e aspiracións da comunidade vecinal, e promover todas as actuacións que sexan necesarias para garantir a igualdade e a calidade de vida dos vecinos.

VI. No marco dos obxectivos expostos, así como no de optimización dos recursos económicos das administracións locais, e entendendo que a fórmula máis idónea para prestalles o servizo de abastecemento de auga aos vecinos do núcleo de Malata, Ixobre, Chao do Monte, e Pallizo e A Solaina, de Ares, é a conexión da rede de abastecemento de Fene a Ares, os concellos asinantes acordan actuar de xeito coordinado e en colaboración para garantir que os vecinos dos lugares referidos dispoñan do servizo de abastecemento de auga potable, mediante o presente convenio segundo as seguintes

### **ESTIPULACIÓNS.**

**Primeira.-** O Concello de Fene autoriza ao Concello de Ares a realizar a conexión da rede de abastecemento de auga de Fene en Limodre a Ares para dotar do servizo de abastecemento de auga aos lugares de Malata, Ixobre, Chao do Monte, e Pallizo e A Solaina (Ares).



**Segunda.-** Para dar subministro á rede de abastecemento de Ares será necesaria a instalación de contadores en cada punto de subministro que permitan rexistrar a cantidade de auga subministrada dende o Concello de Fene e a sucripción por cada vecino interesado da póliza de abono ou alta correspondente. Estas operacións de alta do servizo e instalación de contador as executará o concello de Fene ou concesionario do servizo atendendo ao establecido na súa ordenanza municipal.

Non obstante, as obras de conexión á rede ( acometidas ) executarás polo concello de Ares, previa petición dos vecinos interesados e realizarás atendendo ao establecido na súa ordenanza municipal. O seu custo será sufragado polos solicitantes do servizo que contrataran estes traballos co Concello de Ares.

Terceira.- O Concello de Fene ou concesionario do servizo, no seu caso, percibirá dos titulares de cada unha das pólizas contratadas, as tarifas pola prestación do servizo ou subministro, de acordó coas tarifas recollidas na ordenanza fiscal vixente en cada momento e os cánones correspondentes **relacionados co abastecemento de auga** (tributos/taxas autonómicas) do mesmo xeito que o resto da veciñanza fenesa.

Se durante a vixencia do convenio ou a súa prórroga e como consecuencia do aumento da demanda, o Concello de Fene considerase necesario ampliar a capacidade dos depósitos de Vilar de Coló, o Concello de Ares e o de Fene contribuirán a financiación das obras na proporción correspondente o seu consumo anual de dita instalación.

**Cuarta.-** A liquidación dos metros cúbicos subministrados será realizada mediante recibos, de acordó coa lectura do contador instalado, e coa periodicidade (mensual, bimensual, trimestral, etc..) que estableza o Concello de Fene ou a ordenanza fiscal correspondente.

O pago dos recibos farás directamente polos titulares de cada póliza de abono ao concesionario do servizo, a través do procedemento establecido ao efecto na ordenanza fiscal vixente en cada momento.

**O concello de Fene ( ou no seu caso, o concesionario do servizo ) facilitará, alómenos trimestralmente, os datos dos consumos dos titulares usuarios deste servizo co fin de poder repercutir o canon de saneamento e/ou calqueira outra taxa ou tributo relacionado co mesmo.**

**Quinta.-** Os solicitantes do servizo de subministro, co feito de presentar asúa solicitude, comprométense a aceptar a revisión das tarifas e a forma de pago que se establezan por parte do Concello de Fene polo subministro que se establece neste convenio e ñas ordenanzas fiscais correspondentes,





ademáis da cesión dos datos ao concello de Ares para o fin recollido na última alinea da estipulación anterior.

Se por calquera causa o contador estivera averiado, sendo imposible a medición do consumo, facturárase a media dos consumos rexistrados polo contador nos últimos seis meses.

**Sexta.-** Comisión de seguimento.

Para o seguimento, interpretación, resolución de controversias e control deste convenio, crearase unha Comisión de Seguimento, integrada por un representante de cada Concello.

Esta Comisión actuará sen prexuízo das competencias que legalmente lle correspondan ás partes.

**Sétima.-** Vixencia e duración.

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura, sen prexuízo da súa aprobación/ratificación polo órgano competente de cada concello, e extenderá a súa vixencia ata o día 31 de marzo de 2035, entendéndose prorrogado tácitamente por periodos de cinco anos, se non se denuncia por calquera das partes con tres meses de antelación á finalización do seu prazo inicial ou de calquera das súas prórrogas.

**Oitava:** Natureza xurídica e xurisdicción competente.

O presente convenio ten carácter administrativo. Tódalas cuestións que se susciten sobre a súa aplicación, interpretación, resolución de controversias e efectos, e non resulten resoltas pola Comisión de Seguimento, serán resoltas perante a xurisdicción contencioso-administrativa.

**Novena.-** Extinción.

Por mutuo acordó das partes poderase resolver o presente convenio, na súa totalidade ou parcialmente, así como anovar o mesmo subscribindo novo acordó de novación coas mesmas formalidades que as do presente convenio, entendéndose por novación a modificación substancial de aspectos non previstos ñas súas estipulacións.

Extinguido o convenio polo cumprimento de seu prazo de vixencia ou por mutuo acordó, procederáse pola comisión de seguimento, que seguirá en funcións, a determinar a liquidación das obrigas económicas de cada Concello.

E para que así conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan o presente convenio por triplicado exemplar e con un só efecto no lugar e data indicados no encabezamento.”

Acto seguinte dase conta do informe do Sr. Secretario que seguidamente se transcribe:





### **“INFORME DE SECRETARÍA**

Asunto . Convenio de colaboración entre o Concello de Ares e o Concello de Fene para o subministro de auga potable aos núcleos de A Malata, Chao do Monte, Ixobre, Pallizo e A Solaina.

De conformidade co artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local, o artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 4.1 h) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o Réxime xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte INFORME

### **CONSIDERACIÓNS PREVIAS**

O territorio é un elemento esencial posto que as competencias do Municipio exércense no seu territorio e non poden executarse en territorio doutros Municipios.

Respecto das competencias das distintas administracións públicas en materia de augas, o artigo 124 do Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas, establece que «...o resto das obras hidráulicas públicas son de competencia das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais, de acordo co que dispoñan os seus respectivos Estatutos de Autonomía e as súas Leis de desenvolvemento, e a Lexislación de réxime local, engadindo no seu parágrafo cuarto que a Administración Xeral do Estado, as Confederacións Hidrográficas, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais poderán celebrar Convenios para a realización e financiamento conxunto de obras hidráulicas da súa competencia».

A vixente Lei de Bases do Réxime Local, seguindo coa tradición histórica, determina que os Municipios deben asumir competencias sobre os servizos de subministración de auga, rede de sumidoiros e tratamento de augas residuais, nos termos que dispoña a Lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas [artigo 25.2.I) da LRBRL].



Pero a gran novidade do noso ordenamento local vixente non está en configurar o servizo de abastecemento de auga a poboacións como servizo público, nin sequera asegurar un núcleo esencial de competencias Municipais, senón o configuralo como obriga mínima Municipal [artigo 26.1.a)]. É dicir, en impor a todo Municipio, con independencia da súa poboación e recursos, a obriga de facer efectivo unha subministración domiciliaria de auga potable.

Como correlativo deste deber existe o dereito subxectivo na esfera do administrado a esixir «a prestación e, no seu caso, o establecemento do correspondente servizo público» [artigo 18.1.g) da LBRL]. A Sentenza do Tribunal Supremo de 21 novembro de 1996 ordena a un Concello que «acceda ao que se lle solicitou polos hoxe recorridos que, a teor do que dispón o artigo 18.1.g) da Lei 7/1985, ostentan o dereito subxectivo a que se lles preste o servizo de abastecemento de auga que teñen solicitado, en canto servizo obrigatorio».

Este dereito subxectivo veciñal, como calquera outro dereito, ten límites. O primeiro deles, e que ten que ver directamente co obxecto da prestación pública, é o relativo ao uso que debe darse á auga subministrada desde a rede pública. A este respecto debe terse moi presente que o artigo 26.1.a) fala de «abastecemento domiciliar de auga potable», polo que o aproveitamento da auga subministrada a través da rede Municipal non pode diferir en exceso do propio dun consumo humano.

Si ben unha das solucións para satisfacer as peticións dos veciños é a adopción dos respectivos acordos dos Concellos de Ares e Fene, previa emisión dos correspondentes informes técnicos e con audiencia da empresa concesionaria do servizo concretándose as condicións nas que levará a cabo o abastecemento de auga, a solución correcta é a aprobación do correspondente convenio de colaboración aos efectos de articular a cooperación económica, técnica e administrativa entre os Concellos de Ares e Fene, rexíndose as relacións entre os mesmos pola Lexislación básica en materia de réxime local, aplicándose supletoriamente o disposto no Título I da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**



— Os artigos 22.2.p), 47.2.h) e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

— Os artigos 6, 8, e 9 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

De acordo co establecido no artigo 4.1.c) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, quedarán fóra do establecido no ámbito da devandita lei os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coa Seguridade Social, as Comunidades Autónomas, as Entidades locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que celebren estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos ao devandito Texto Legal.

A continuación, a letra d) do artigo 4.1 do mesmo texto legal, tamén estarán excluídos do ámbito de aplicación da lei de contratos os convenios que celebre a Administración con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, sempre que o seu obxecto non estea comprendido no dos contratos regulados na devandita lei ou en normas administrativas especiais.

Estes supostos serán regulados polas súas normas especiais, aplicándose os principios do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, para resolver dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a aprobación dun Convenio administrativo de colaboración entre o Concello e calquera outra Administración non existe un procedemento xeral regulado ao efecto na Lexislación de réxime local, polo que de conformidade co establecido no artigo 9 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, deberá aplicarse, dado o seu carácter supletorio, o disposto na citada Lei.

O procedemento a seguir é o seguinte:

**A.** Unha vez negociado e subscrito o texto inicial do Convenio de colaboración para o subministro de auga potable aos núcleos de A Malata, Chao do



Monte, Ixobre e Pallizo mediante conexión á rede de abastecemento de auga potable do Concello de Fene, o mesmo será aprobado inicialmente mediante Acordo do Pleno, o cal requerirá o quórum da maioría absoluta legal dos membros da Corporación.

**B.** Aprobado inicialmente, o mesmo someterase a información pública, de acordo co establecido no artigo 86 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, por un período mínimo de vinte días, mediante anuncio publicado no B.O.P.

**C.** Tras a información pública, o Convenio de colaboración aprobarase definitivamente por Acordo do Pleno, na que se incluírán as modificacións que se introducen tras o período de información pública.

**D.** Aprobado definitivamente o Convenio de colaboración o acordo mediante o que se aprobe será notificado aos interesados, de acordo co establecido no artigo 58 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no prazo de dez días a partir da data en que o acto fose ditado, e deberá conter o texto íntegro da resolución, con indicación de se é ou non definitivo na vía administrativa, a expresión dos recursos que procedan, órgano ante o que deben presentarse e prazo para interpos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, de ser o caso, calquera outro que estimen procedente.

Na súa virtude informáse favorablemente o mesmo, sendo o contido correcto."

Tras a deliberación sometese o asunto a votación, e o Pleno do Concello por 7 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE e 1 de NAL), e 6 abstencións acorda prestarlle a súa aprobación o **"Convenio de colaboración entre o Concello de Fene e o Concello de Ares para o subministro de Auga os Lugares da Malata, Ixobre, Chao do Monte, Pallizo, A Solaina"**, anteriormente transcrito.

**PUNTO 8º.- RESOLUCIÓN ALEGACIONES ORZAMENTO 2015 E APROBACIÓN SE PROCEDE DO MESMO.**



Dase conta dos informes do Sr. Secretario de data 18 e 19 de marzo de 2015, que seguidamente se transcriben:

“

#### INFORME DE SECRETARÍA

*Asunto : Reclamacións ao orzamento 2015 polos grupos políticos do B.N.G. e P.P.*

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Aprobado con carácter inicial o orzamento e cadro de persoal para o exercicio 2015 na sesión plenaria do día 13 de febreiro de 2015, foi sometido a información pública mediante anuncio no BOP núm. 32, de 18 de febreiro de 2015 polo prazo de quince días en cumprimento do artigo 169 do R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo.

**Segundo.-** Publicado o acordo de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, ós efectos do artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais durante o prazo de quince días a efectos de presentarse polos interesados reclamacións, o 4-03-15 e 6-03-15 respectivamente, son presentadas alegacións polos grupos municipais do BNG e do Partido Popular nos termos que nas mesmas figuran.

**Terceiro.-** As reclamacións dos Grupos Municipais do P.P. e B.NG. están presentadas en tempo e forma, tendo nos termos do artigo 170 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a condición de interesados.

#### CONSIDERACIÓNS SUSTANTIVAS



### **Primeiro.- Lexitimación.**

O artigo 63.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local dispón que: «Xunto aos suxeitos lexitimados no Réxime Xeral do Proceso Contencioso-Administrativo poderán impugnar os actos e acordos das Entidades locais que incorran en infracción do Ordenamento Xurídico:

a. A Administración do Estado e a das Comunidades Autónomas, nos casos e termos previstos neste capítulo.

b. Os membros das corporacións que votasen en contra de tales actos e acordos».

Con base ao devandito precepto, a Xurisprudencia do Tribunal Supremo viña negando a lexitimidade dos Concelleiros para impugnar os acordos das Corporacións Locais cando non votasen en contra deles, mesmo cando non formasen parte do Órgano Colexiado autor do acordo e non tivesen a oportunidade de votar en contra, salvo que se tratase de materias nas que se atopase Lexitimado calquera veciño, como é o caso do urbanismo no que se recoñece a acción pública.

Nembargantes a **Sentenza do Tribunal Constitucional 173/2004, de 18 de outubro**, recoñece ao Concelleiro, pola súa condición de membro do Concello, lexitimación para impugnar a actuación da corporación local á que pertence fundamentándoo no interese concreto que ostenta no correcto funcionamento da mesma. Este interese do Concelleiro deriva do seu mandato representativo obtido mediante a correspondente elección articulada a través do sufraxio universal, libre, igual, directo e segredo. Esta **Sentenza modificou** a forma de entender a lexitimación activa dos membros das corporacións locais, xa que anteriormente entendíase que os membros das corporacións locais, na súa condición de tales, soamente podían impugnar os actos e acordos procedentes dos órganos colexiados dos que formasen parte e sempre que votasen en contra dos mesmos. A interpretación conxunta que fai o Tribunal Constitucional dos artigos 20 a) da LJCA e 63.1 b) da Lei 7/1985 permite que a lexitimación dos membros das corporacións locais amplíese substancialmente podendo impugnar tamén os actos e acordos procedentes de órganos unipersonales ou de órganos colexiados dos que non son membros.

Na súa virtude para a impugnación de acordos por parte dos membros da Corporación, a lexitimación non deriva da participación e votación en contra, senon que de acordo coa **Sentenza do Tribunal**



**Constitucional 173/2004, de 18 de outubro**, se recoñece un interese do Concelleiro derivado do seu mandato representativo obtido mediante a correspondente elección articulada a través do sufraxio universal, libre, igual, directo e segredo, dado que esta Sentenza modificou a forma de entender a lexitimación activa dos membros das corporacións locais, xa que xa se expuso, anteriormente entendíase que os membros das corporacións locais, na súa condición de tales, soamente podían impugnar os actos e acordos procedentes dos órganos colexiados dos que formasen parte e sempre que votasen en contra dos mesmos. A interpretación conxunta que fai o Tribunal Constitucional dos artigos 20 a) da LJCA e 63.1 b) da Lei 7/1985 permite que a lexitimación dos membros das corporacións locais amplíese substancialmente podendo impugnar tamén os actos e acordos procedentes de órganos unipersonales ou de órganos colexiados dos que non son membros.

**Segundo.- Motivos.**

De acordo co establecido no art. 169.1 RDLeg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, -en diante TRLRHL-, o acordo de aprobación inicial do Orzamento Xeral, exporase ao público, por prazo de 15 días desde o anuncio no boletín oficial da Provincia ou, no seu caso, da Comunidade Autónoma Uniprovincial, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno; concretando o art. 150.2 TRLRHL que “unicamente” poderán establecerse reclamacións contra o orzamento, polos seguintes motivos ou causas:

- a) Por non haberse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

Por outra banda, os artigos 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004 e 22.2 do Real Decreto 500/1990, dinnos que: «Unicamente poderán establecerse reclamacións contra o Orzamento:



- a) Por non haberse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta Lei.
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto Legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto».

A **Sentenza do Tribunal Supremo de 19 de novembro de 2007**, declara que *«... do artigo 151.2 da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais, de 28 de decembro (hoxe artigo 170.2 TRLHL) e do artigo 22 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, despréndese que as reclamacións contra os orzamentos deberán basearse nos supostos alí previstos, pero esta previsión fai referencia ás reclamacións administrativas, non aos motivos que poden alegarse en vía Xurisdiccional»*.

**Terceiro.-** O artigo 168 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais na redacción dada pola disposición final primeira do Real Decreto Lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sostibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico introduce preve a incorporación de dous anexos novos, o relativo aos beneficios fiscais en tributos locais e aos convenios suscritos coas Comunidade Autónomas en matreia de gasto social.

En primeiro lugar resaltar novamente a insuficiencia de medios personais os servizos económicos, habendo estado adicados primordialmente ao cambio de contabilidade e estrutura orzamentaria de **Agora a SicalWin** consecuencia da Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/365/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, significando a importante labor de auxilio da Deputación provincial de A Coruña nestas labores.

Respecto da explicación de beneficios fiscais en impostos, na oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais, na mesma figuran na súa inmensa maioría bonificacións que no son de aplicación ao Concello de Ares pola súa singularidade de pequeno municipio, tales como fomento privado en infraestruturas públicas, asentamentos singulares, áreas industriais, centros educativos privados,





explotacións agrarias, cooperativas, transporte público urbano, ambulancias e vehículos de asistencia sanitaria, utilización de enerxías renovables, etc.

IBI :

- Bonificación por empresas de urbanización (art. 73.1 TRLRHL).
- Bonificación por por vivendas de protección oficial (art. 73.2 TRLRHL).
- Bonificación por bens rústicos de cooperativas agrarias (art. 73.3 TRLRHL).
- Bonificación por inmuebles en asentamentos de población singulares (art. 74.1 TRLRHL).
- Bonificación por cultivos, aproveitamentos ou uso de construcións (art. 74.2 TRLRHL).
- Bonificación por inmuebles de organismo de investigación e universidades (art. 74.2 bis TRLRHL).
- Bonificación por BICEs atendendo aos diferentes grupos destes bens (art. 74.3 TRLRHL).
- Bonificacións por instalacións de sistemas de aproveitamento enerxético (art. 74.5 TRLRHL).
- Exención a favor de centros educativos concertados (art. 7.1 Lei 22/1993).

IVTM :

- Exención a favor de vehículos oficiais (art. 93.1.a) TRLRHL).
- Exención a favor de vehículos de representación diplomática ( art. 93.1.b) TRLRHL).
- Exención a favor de vehículos por aplicación de tratados internacionais (art. 93.1.c) TRLRHL).
- Exención a favor de ambulancias e vehículos de asistencia sanitaria (art. 93.1.d) TRLRHL).
- Exención a favor de vehículos destinados ao transporte público urbano (art. 93.1.f) TRLRHL).
- Exención a favor de tractores e remolques con cartilla de inspección agrícola (art. 93.1.g) TRLRHL).

IIVTNU :

- Exención por constitución e transmisión de dereitos de servidume (art. 105.1.a) TRLRHL).
- Exención por transmisión de bens de conxunto histórico-artístico (art. 105.1.b) TRLRHL).
- Bonificación por transmisións "mortis causas" a favor de familiares citados no art. 105.1.b) TRLRHL).

IAE :

- Bonificación a favor de cooperativas fiscalmente protexidas (art. 88.1.a) TRLRHL).
- Bonificación por inicio de actividade (arts. 88.1.b) e 88.2.a) TRLRHL).
- Bonificación por creación de emprego (art. 88.2.b) TRLRHL).
- Bonificación por utilización de enerxías renovables (art. 88.2.c) TRLRHL).
- Bonificación por rendementos netos negativos ou de contía mínima (art. 88.2.d) TRLRHL).



ICIO :

- Bonificación por razón do suxeito co destnio citado no art. 100.2 TRLRHL.
- Bonificación por construcións, instalacións e obras de especial interese (art. 103.2-a) TRLRHL).
- Bonificación por especial aproveitamento enerxético (art. 103.2.b) TRLRHL).
- Bonificación por planes de fomento de inversións privadas en infraestruturas (art. 103.2.c) TRLRHL).
- Bonificación por vivendas de protección oficial (art. 103.2.d) TRLRHL).
- Bonificación por accesibilidade e habitabilidade de discapacitados (art. 103.2.e) TRLRHL).

O funcionario que suscribe ratifícase no informe emitido con data 4.02-15, asinado electrónicamente o 05-02-15 sobre estabilidade orzamentaria para o exercicio 2015.

Respecto ás observacións sobre a liquidación do exercicio 2014 e avance do 2015, o art. 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, parágrafo 1, letra b) pide a liquidación do exercicio anterior e avance do corrente, referida, alomenos, aos seis mese do exercicio corrente. Lóxicamente se se está a falar da elaboración do orzamento do exercicio 2015 que por aplicación do artigo 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberá ser presentado antes do día 15 de outubro para a súa aprobación, emenda ou devolución, a liquidación do orzamento está referida ao exercicio 2013 e o avance dos seis meses ao exercicio 2014.

Respecto das baixas do padrón do lixo, o orzamento é una previsión dos dereitos que se prevean liquidar durante o exercicio e tomouse como referencia o avance do exercicio 2014.

Respecto á non existencia dunha partida de creto para facer fronte ás cantidades indebidamente cobrada polo Concello en concepto de IVE pola taxa de sumidoiros, cabe suliñar que en principio e nos termos da consulta vinculante V2263-13 da Dirección Xeral de Tributos de 9 de xullo de 2013 non está suxeito ao IVE o subministro de auga potable como tampouco o saneamento cando se presta en réxime de xestión directa polo Concello, pero xurde a dúbida debido á pretación do servizo por medio de varias empresas que aportan os seus servizos, como pode ser os desatascos e limpeza de arquetas-redes, lectura de contadores ou progama informático para a xestión administrativa con emisión dos recibos para o seu cobro, por non decir



as grandes averías para as que o Concello tampouco ten medios. Na súa virtude recomendáse efectuar unha consulta detallada á Delegación de Facenda, sin prexuízo de que á vista da natureza do imposto do que o Concello é mero transmitente, poida no seu caso interesar a devolución do mesmo a Facenda para o seu posterior reintegro ao usuario, co cal poderíase xerar crédito sen necesidade de cotemplar a priori a mesma.

En relación coa Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 11 de decembro de 2014, firme en dereito, cabe sinalar que o preceptuado pola Sentenza é unha esixencia da tutela xudicial, e, polo tanto, un dereito fundamental consagrado no artigo 24 da Constitución.

O Concello de Ares, como entidade local e por conseguinte como Administración pública que foi parte no proceso ven obrigada a cumprir o mandado no fallo da Sentencia que puxo fin ao mesmo. O Concello como autora do acto, foi parte demandada, e ven obrigada como tal parte procesal a cumprir os pronunciamentos do fallo, e a levar a sentenza -segundo expresión do artigo 104 da Lei 29/1998 Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa- "a puro e debido efecto".

As sentenzas, declarou unha reiterada doutrina xurisprudencial, entrañan un ordenamento imperativo e transcendente de irrefragábel realización (Sentencias de 27 de xaneiro de 1915 e 8 de xaneiro de 1935). Pois o respecto debido ás resolucións xudiciais no Estado de Dereito "impón como única fórmula admisible a de acatar cumprindo" (Sentenza de 21 de maio de 1960).

A firmeza constitúe un presuposto da comunicación ao órgano competente para a levar a afeito. A Administración pública deberá levar a puro e debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento das declaracións contidas no fallo. O fallo da sentenza, pois, é o que delimita o ámbito e contido da actividade de execución, e a tal afeito o órgano competente, deberá proceder á execución adoptando cantas medidas e providencias se requiran, establecendo o artigo 104 da Lei 29/1998, de 13 de xullo que o órgano a quen corresponda acusará recibo da sentenza no prazo de dez días e deberá levar a puro e debido efecto o fallo no prazo de dous meses o fixado



na sentenza para o cumprimento conforme ao artigo 71.1c) da citada Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

A firmeza da sentenza é, en principio, requisito da eficacia executiva da mesma. A “sentencias y demás resoluciones firmes” se refire o artigo 119 da Constitución e a xurisprudencia constitucional (v. gr., Ss. TC 67/1984, de 7 de xuño; 109/1984, de 26 de novembro).

A execución da Sentenza é unha esixencia legal establecida ao máximo nivel, pois o impón a Constitución, non soamente no seu artigo 118, senon tamén no artigo 24.1 dado que o dereito á tutela xudicial efectiva inclúe dentro do seu contido, incluso de forma culminante, o dereito á execución de sentencias (S. 21 de marzo 1988 –Ar. 2183-). E así o recoñeceu a xurisprudencia constitucional, por exemplo nas Sentenzas 67/1984, de 7 de xuño; 125/1987, de 15 de xullo; 4/1988, de 21 de xaneiro. “O dereito a que se executen os fallos –dí a S. do T.C. 26/1983, de 13 de abril- que recoñecen dereitos propios soamente se satisface cando o órgano xudicial adopta as medidas oportunas para levar a efecto a execución”. Pois –dí a S. do T.C. 9/1981, de 31 de marzo- “a inexecución pura e simple deixaría ignorados os dereitos e intereses da parte que obtivo a súa tutela efectiva a través da sentenza favorable aos mesmos.

Nembargantes á firmeza da sentenza e nos termos do artigo 96 da Lei 29/1999, do 13 de decembro, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, foi interposta con data 5 de febreiro de 2015 perante o TSXG **recurso de casación para a unificación de doutrina**.

No intre da elaboración deste informe, recibéuse dilixencia de **Ordenación do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contencioso-administrativo, Secc-2ª de 25 de febreiro de 2015 pola que se admite a trámite o Recurso de Casación para a Unificación de Doutrina (Procedimento Ordinario 0004814/2012-E)** que se anexa.

Respecto do procedemento, cabe resaltar que a Letrada fixo unha extraordinaria demanda, así como estudo do recurso de casación para a unificación de doutrina, que aplicando a doutrina do



Tribunal Supremo debe conllevar a non declaración de reintegro pola aplicación do principio de proporcionalidade que se resume no seguinte :

*“Primero. El artículo 37.1 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones (LGS), establece las causas para el reintegro de las cantidades percibidas y la exigencia del interés de demora correspondiente. Entre dichas causas se contemplan el incumplimiento total o parcial del objetivo, de la actividad, del proyecto o la no adopción del comportamiento que fundamentan la concesión de la subvención, así como el incumplimiento de la obligación de justificación o la justificación insuficiente, en los términos establecidos en el artículo 30 de esta Ley, y en su caso, en las normas reguladoras de la subvención.*

*Añade el apartado segundo de dicho precepto que «cuando el cumplimiento por el beneficiario o, en su caso, entidad colaboradora se aproxime de modo significativo al cumplimiento total y se acredite por éstos una actuación inequívocamente tendente a la satisfacción de sus compromisos, la cantidad a reintegrar vendrá determinada por la aplicación de los criterios enunciados en el párrafo n) del apartado 3 del artículo 17 de esta Ley o, en su caso, las establecidas en la normativa autonómica reguladora de la subvención».*

*Dicho artículo 17.3.n) establece que la norma reguladora de las bases de concesión de las subvenciones concretará los criterios de graduación de los posibles incumplimientos de condiciones impuestas con motivo de la concesión de las subvenciones. Estos criterios resultarán de aplicación para determinar la cantidad que finalmente haya de percibir el beneficiario o, en su caso, el importe a reintegrar, y deberán responder al principio de proporcionalidad.*

*Por su parte el artículo 89 del Real Decreto 887/2006, de 21 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 38/2003, dispone que se producirá la pérdida del derecho al cobro total o parcial de la subvención en el supuesto de falta de justificación o de concurrencia de alguna de las causas previstas en el artículo 37 de la Ley General de Subvenciones. Y el artículo 91.1 de este Reglamento deja muy claro que «el beneficiario deberá cumplir todos y cada uno de los*



*objetivos, actividades, y proyectos, adoptar los comportamientos que fundamentaron la concesión de la subvención y cumplir los compromisos asumidos con motivo de la misma. En otro caso procederá el reintegro total o parcial, atendiendo a los criterios establecidos en las bases reguladoras de la subvención».*

*En consecuencia, resultando palmario que no se han cumplido los objetivos para los que se concedió la subvención, procede el reintegro total o parcial en función de lo que venga establecido en el convenio de colaboración suscrito.*

*Segunda. No obstante, a falta de concreción en el convenio, debe tenerse en cuenta con carácter general, la necesaria aplicación del principio de proporcionalidad en el cumplimiento de las subvenciones, principio reconocido por la **Jurisprudencia**, conforme al cual un incumplimiento en parte de los objetivos no tiene porque conllevar la pérdida de la totalidad de la subvención, si concurren causas debidamente justificadas.*

*Así, la **Sentencia del Tribunal Supremo, Sala Tercera, de lo Contencioso Administrativo, de 8 de abril de 2013**, entre sus consideraciones, dice: «(...) en relación a la pretensión articulada de forma subsidiaria en la que se interesa la reducción proporcional de la obligación de reintegro en atención al incumplimiento comprobado, cabe recordar que en la **Sentencia de esta Sala de 20 de mayo de 2008**, reiterada entre otras en la **Sentencia de 30 de marzo de 2010** ya establecimos la directriz Jurisprudencial de que cabe ponderar la concurrencia de las distintas causas de incumplimiento, en aplicación del principio de proporcionalidad, en los siguientes términos: «En efecto, la tesis que propugna el Abogado del Estado se revela infundada, en cuanto que no toma en consideración que de la lectura del apartado 6 del artículo 37 del **Real Decreto 302/1993, de 26 de febrero**, se desprende la discriminación del incumplimiento de las condiciones referentes a la inversión y a la creación y mantenimiento de puestos de trabajo respecto del incumplimiento de las demás condiciones particulares impuestas al perceptor, al disponer que «si el incumplimiento derivara de la inobservancia de alguna condición o supuesto distinto de los anteriores, su alcance será determinado en función del grado y de la entidad de la condición incumplida», lo que faculta a la Administración a modular, en el respeto del principio de proporcionalidad, la obligación de reintegro de la subvención por incumplimiento de las*



*condiciones impuestas y confiere al Tribunal, en su función fiscalizadora de la actuación administrativa, ponderar las circunstancias concurrentes en cada supuesto, a los efectos de determinar el grado de incumplimiento.» El deber de la Administración de ponderar las causas de incumplimiento de las condiciones impuestas determinante del otorgamiento de la subvención y valorar la actuación del beneficiario, dirigida a satisfacer de forma significativa los intereses públicos perseguidos, se establece con mayor claridad y precisión en el artículo 37.2 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, de Subvenciones, que establece que «cuando el cumplimiento por el beneficiario o, en su caso, entidad colaboradora se aproxime de modo significativo al cumplimiento total y se acredite por éstos una actuación inequívocamente tendente a la satisfacción de sus compromisos, la cantidad a reintegrar vendrá determinada por la aplicación de los criterios enunciados en el párrafo n) del apartado 3 del artículo 17 de esta Ley o, en su caso, las establecidas en la normativa autonómica reguladora de la subvención», y que proporciona un criterio interpretativo de la obligación de reintegro conforme al principio de proporcionalidad. En consecuencia con lo expuesto, por razones de seguridad Jurídica y de conformidad con el principio de proporcionalidad, consideramos procedente aplicar el criterio expuesto al caso enjuiciado y, por ello, estimamos parcialmente la pretensión formulada por la empresa recurrente declarando que el incumplimiento debe determinarse exclusivamente en el porcentaje del 7,10% de la inversión, debiendo quedar reducida la obligación de reintegro a la cantidad resultante de esta modificación (...), con la adición de los intereses de demora correspondientes.»*

*La Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Canarias de Las Palmas de Gran Canaria, Sala de lo Contencioso-administrativo, de 9 de marzo de 2012, analiza el recurso interpuesto contra la Sentencia que estimó parcialmente el recurso, entre otros, por el siguiente motivo: del examen del expediente administrativo, si bien consta dicho incumplimiento de la entidad beneficiaria, lo que sin duda le es imputable cuanto menos por «culpa in vigilando» a que se refiere la Administración demandada, también se desprende que la actividad formativa se desarrolló conforme a la programación oficial del curso, según certificación de la Jefa de Sección de Gestión de Formación del SCE aportada en fase probatoria, (quedando debidamente justificados para dicho servicio los gastos soportados para la realización del curso conforme a las bases de la convocatoria), y teniendo en cuenta que el objeto de la Subvención concedida a la entidad recurrente era compensar los costes abonables derivados de la impartición del curso de formación profesional «peluquero» del Programa FIP-2006, debe estimarse que se ha satisfecho*





*de forma significativa la inversión para los fines de la subvención, y en aplicación del principio de proporcionalidad (Sentencias del Tribunal Supremo 3 mayo , 22 julio y 19 octubre de 1996 , entre otras), no cabe el reintegro total. Es claro que la entidad beneficiaria recurrente debió ser más diligente en el cumplimiento de la obligación de control de la referida alumna y de justificación del empleo de los fondos recibidos, pero de esa falta en el cumplimiento en ese deber de control no pueden derivar consecuencias como las que nacen de entender por parte de la Administración que han de reintegrarse todas las cantidades entregadas por aquella más los intereses de demora, cuando la propia Administración ha reconocido que se ha justificado el empleo de la subvención en la actividad formativa y que esa acreditación es conforme, sin perjuicio de que dicho incumplimiento parcial por razones imputables al beneficiario, de las obligaciones asumidas como consecuencia de la concesión de la subvención, pueda considerarse grave y objeto de un expediente administrativo sancionador (artículo 40.1 LGS) por la comisión de alguna de las infracciones previstas en la norma que rija la subvención de que se trate, o, con carácter general, en la Ley General de Subvenciones, en tanto que el procedimiento de reintegro de la subvención previamente abonada no tiene esa naturaleza sancionadora, ya rechazada por la Jurisprudencia del Tribunal Supremo que ha apuntado el carácter de donación modal del otorgamiento de la subvención.*

*De este modo, debe estarse a la doctrina del Tribunal Supremo que impone como necesaria la aplicación del principio de proporcionalidad cuando se acuerda el reintegro de las ayudas para limitarlo a aquellas cantidades que no se hayan justificado que se utilizaron para conseguir el fin buscado por la subvención, y que para el supuesto de cumplimiento parcial del objeto de la subvención, así como del de la utilización en parte de la cantidad percibida, el reintegro a realizar pueda ser proporcional al fin cumplido y a la cantidad no dispuesta, puesto que si bien la entidad beneficiaria no debe recibir la totalidad de los importes correspondientes - como así reconoce y postula en su demanda -, si los devuelve en su integridad (habida cuenta de que el cumplimiento de las obligaciones por el empresario no fue total) se produce en definitiva un enriquecimiento injusto de la Administración.*

*El Tribunal Superior de Justicia, al enjuiciar el recurso contra dicha Sentencia, considera que «la valoración de la prueba efectuada por la Juzgadora es correcta y también la Jurisprudencia aplicable pues, el principio de proporcionalidad (de matriz Jurisprudencial y ahora ya inserto en la*





*Ley 38/2003, 17 de noviembre, General de Subvenciones) permite emplear ciertos criterios de graduación de los posibles incumplimientos de las condiciones impuestas al conceder las subvenciones y dicha graduación se ha realizado acertadamente por la Juzgadora a la vista de lo descrito en la Sentencia de instancia pues «se ha satisfecho de forma significativa la inversión para los fines de la subvención»... «la propia Administración ha reconocido que se ha justificado el empleo de la subvención en la actividad formativa y que esa acreditación es conforme »y « la entidad beneficiaria recurrente debió ser más diligente en el cumplimiento de la obligación de control de la referida alumna y de justificación del empleo de los fondos recibidos, pero de esa falta en el cumplimiento en ese deber de control no pueden derivar consecuencias como las que nacen de entender por parte de la Administración que han de reintegrarse todas las cantidades entregadas por aquella más los intereses de demora».*

Finalmente cabe suñar que caso de ser necesario o reintegro, habría coa preceptiva modificación de créditos, crédito para hacer frente á mesma derivada da Disposición Adicional sétima “Modificación das condicións financieras das operacións de crédito con cargo ao Fondo de liquidez autonómico e con cargo ao Fondo para a financiación dos pagos a provedores 2” do Real Decreto-Lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sostibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, por canto o tipo de interese para o 2015 será do 0% anual ata o vencimento do primeiro período de interese de 2016, non aboándose durante o 2015 vencimentos do principal de operacións formalizadas en exercizos anteriores con cargo ao Fondo de Financiación a Proveedores 2.

Elo sen prexuízo da refinanciación que este Concello tramitou e pendente de autorización polo MHAP e que pola carga de traballo no mesmo vai con moito retraso, e de pedir ao abeiro do devandito Real Decreto-Lei 17/2014 : art. 39.1.b “**municipios que non poidan refinarciar ou novar as súas operacións de crédito nas condicións de prudencia financeira** que se fixen por Resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financiera, a súa inclusión no compartimento **fondo de ordenación** (informe desta secretaría de 19-01-15 asinado electrónicamente o 20-01-15); condicións publicadas no BOE de 7 de febreiro de 2015 mediante a Resolución de 5 de febreiro de 2015, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financiera, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e



derivados das entidades locais, e das comunidades autónomas que se acollan ao Fondo de Financiación a Comunidades Autónomas.”

### “INFORME CORRECCIÓN DE ERROS

Revisado á noite de onte o informe sobre as alegacións presentadas polos grupos municipais do B.N.G. e P.P. ao orzamento 2015, observáanse os seguintes erros derivados da premura e falta de tempo na elaboración do informe así como da carga de traballo :

1º.- No puntyo segundo “Motivos” a referencia ao artigo 150.2 do TRLRHL, debe referirse ao artigo 170.2 do TRLRHL.

2º.- Na folla 3ª, terceiro punto e aparte, onde se dí que “...nos termos da consulta vinculante V2263-13 da Dirección Xeral de Tributos de 9 de xullo de 2013 non está suxeito ao IVE o subministro de auga potable como tampouco o saneamento cando se presta en réxime de xestión directa polo Concello....”; da devandita consulta dedúcese que a prestación do servizo de subministro de augas está sempre suxeito ao Imposto sobre o valor engadido, aínda que se preste directamente polo Concello e a súa contraprestación teña natureza tributaria. Nembargantes respecto dos servizos de saneamento de augas residuais e de recollida de residuos, si se prestan directamente polos Entes públicos, sen contraprestación ou mediante contraprestación de natureza tributaria, non estarán suxeitas ao Imposto sobre o Valor Engadido, salvo si os referidos Entes actúan por medio de empresas públicas, privadas, mixtas ou, en xeral, de empresas mercantiles de maiera tal que sexa o empresario o que preste os servizos en nome propio e pola súa conta e risco....”.

Ares, a 19 de marzo de 2015.”

Sometese a votación a proposta da Alcaldía de desestimar as reclamacións e aprobar definitivamente os orzamentos municipais correspondentes o exercicio de 2015, co seguinte resultado: 6 votos do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, 6 votos en contra (4 PP e 2 BNG) e unha abstención do Grupo Municipal de NAL, á vista do empate na votación repítese a mesma con idéntico resultado polo que o Sr. Alcalde-Presidente co seu voto de calidade acorda prestarlle a aprobación a proposta, quedando en consecuencia aprobados definitivamente os orzamentos municipais correspondentes o exercicio 2015 e polo tanto rechazadas as alegacións.



## **CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.**

### **PUNTO 9º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.**

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Concello Pleno por unanimidade darse por enterado.

### **PUNTO 10.- MOCIÓNS E PROPOSTAS.**

Antes de pasar o punto de rogos e preguntas, polo Sr. Alcalde, preguntase os voceiros dos grupos se teñen algúnha moción para someter a consideración do Pleno pola vía urxencia, non presentándose ningunha.

### **PUNTO 11.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Aberto o turno de rogos e preguntas, toma a palabra o Voceiro do BNG Sr. Mesias Farias: Manifestando que aquí hai un punto que pon dar conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía Presidencia dende a celebración da anterior sesión ordinaria, este punto é o que ven en todos os Plenos pero a maiores, viñan as Resolucións de gasto da Alcaldía, que agora non ven como un punto para dar conta e outras veces si que viña, non sei a que se debe esto.

Resposta o Sr. Alcalde que vai sempre así. E unha veces veñen as resoluciónn e as veces incorporanse as de gasto, recorda que o ano pasado viñeron as de gasto todas xuntas, as resoluciónn de gasto incorporanse cando se teñe.

Sr. Emilio Mesias, en todo caso nos non podemos dar por presentadas as resoluciónns de gastos, porque aínda que veñen por meses moitas delas non teñen a data, polo tanto nos non podemos aceptar unhas resoluciónn que non teñen a data, o que non entendemos é que as resoluciónn de gasto veñen solo ata o mes de setembro cando o exercicio de 2014 xa esta pechado.



Sr. Alcalde, xa dixemos na Comisión que as iamos a sacar todas, sacamos ata setembro e efectivamente aínda nos falta o último trimestre, viran para o vindeiro mes, veñen sempre porque aquí nada se oculta e veñen sempre.

Sr. Mesias Farias, en todo caso, nos criticamos a maneira de traelas, non é lóxico en 48 horas traer un tocho de resolucións de todo o ano menos tres meses, eso é que algo funciona mal e nos criticamos que non so e responsable quen ten que facer o traballo, senon que é responsable político quen ten que organizar o traballo dos traballadores, para que todos estes temas veñan en tempo e forma que é o que nunca acontece aquí neste Concello.

Outra cuestión e que viños que o Concello de Ares, está pagar a Axencia Tributaria ou a Seguridade Social unhas cantidades que previamente lle tiña que reintegrar a empresa ANXARES, co cal esa empresa non estaría o corrente do pago coa seguridade social ou con Facenda, e polo tanto non podería ter un contrato coa Administración, quero dicir con esto que cando foi aquela brincadeira para facer que este home levase outra vez ese contrato para cobrar e non para traballar nos xa criticamos que ese era un gasto que o Concello non debería facer de ningunha das maneiras, e ademais o que se estaba facendo era unha xogada para que este home que non podía cobrar porque non estaba o corrente coas obrigas da Seguridade Social e outras, non podía ter un contrato coa administración, eu sei que se lle suxuriu que fixera a maneira que era crear unha sociedade e o final foi co nome de ANXARES, e que desa maneira el non era persoa física, e que se lle podía facer o contrato, e agora vemos como que hai esas cantidades que o Concello está desviando a quen lle reclama esta debeda, polo tanto queremos saber a legalidade outra vez deste Contrato, e volvemos a reiterar o Concelleiro de Cultura que nos entregue por favor as facturas que xa nos prometeu que se ian a entregar, as facturas relativas a este contrato.

E finalmente un rogo, por favor agora que se está rematando o mandato haber si o equipo de goberno intenta facer ben as cousas, e eso quere dicir tamen permitir a oposición a fiscalización, de todos os gastos que vimos reclamando desde hai tempo, moitas grazas.

Acto seguinte intervén a Sra. Martínez Martínez, preguntando o poque non se lle mostran as factuas que pediron xa dúas veces do curso de Liderazgo público, e custo do acto do Bo Ramón.

E a segunda é que pediron comisión extraordinaria para tratar o balance económico financeiro do servizo de auga, e todavía non se convocou.



Resposta o Sr. Alcalde, que cando nos chegamos a Alcaldía había un asesor de cultura, efectivamente, o que había se foi e nos contratamos outro, é un Asesor, e non entra dentro do que é a restrincción, da nova Lei de sostenibilidade das Administracións Locais, e unha asesoría, para temas de apoio as concellerías que fan actividade na rúa, e unha decisión do equipo de goberno e se ese asesor como sucede hoxe en día non lle van moi ben as cousas, e na súa actividade ten debidas con Facenda ou coa Seguridade Social, con tal de que non as tivera no momento de facer a contratación, pois efectivamente é legal, que logo lle vai mal, e hai que pagarlle primeiro a facenda, pois nos lle pagamos a facenda e punto, como facemos por certo con outros, por desgraza a moita xente as cousas non lle van ben e temos que pagarlle a Facenda ou a Seguridade Social.

Do Rogo me dou por enterado.

En canto o curso e o tema do Bo Ramón, e tema e a finalización dos expedientes, está claro que hai que esperar a que os expedientes se pechen, os expedientes se pechan cando se aproban as facturas e se abonan, e nese momento o expediente estará completo e como obriga a Lei co expediente completa estará a disposición de todos os grupos da oposición, e o expediente non está completo porque hai facturas sen pagar.

E en canto o punto 2 esa comisión extraordinaria, descoñezo a solicitude, unha comisión extraordinaria para explicar e para falar dun servizo municipal me parece razoable e non sei por non se vai a convocar, e dicir non hai ningún problema en facer a comisión sobre o servizo da auga.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e vintenove minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,